



Published on *CEIP López Ferreiro* (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro>)

[Inicio](#) > ENAPA: A TRANSICIÓN DA PRIMARIA Á SECUNDARIA

ENAPA: A TRANSICIÓN DA PRIMARIA Á SECUNDARIA

Enviado por [admin](#) [1] o Xov, 04/13/2023 - 09:31

O 29 de marzo (coa colaboración do CAFI e da ANPA do centro), visitounos a psicóloga educativa Begoña Castro, para desenvolver a ENAPA "A transición desde a educación primaria a educación secundaria".

A charla, estivo centrada no cambio emocional e psicolóxico que experimentan as nenas e os nenos nas idades nas que deben pasar ao instituto. E así, observouse que a vida, mesmo a escolar, está chea de cambios adaptativos, polo que a familia debe ofrecer ferramentas para a autonomía das súas fillas e dos seus fillos, e acompañalas/los nun momento de preadolescencia no que lles inqueda moito o seu futuro.

A charla prolongouse bastante máis das dúas horas inicialmente previstas e Begoña prometeu "repetir" no noso centro. Na próxima ocasión, fará ver ás familias como determinados libros poden axudar en certos momentos emocionais.

Enviárase información desta ENAPA que, ben seguro, volverá ter o éxito asegurado.



Feito con Drupal (ver. 6.28)



Proxecto Webs dinámicas

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

Source URL: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/node/547>

Links:

[1] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/user/2>